

RESUMO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2014.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.

- Acta da sesión do 23 de outubro de 2014

Preséntanse para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión do 23 de outubro de 2014.

Non se producen intervención quedando aprobada a acta.

2º.- URBANISMO.

4.2.- Licencia de Actividade: Luis V.V.

Visto o expediente instruído a instancia de LUIS V. V., solicitando Licencia para Ampliación de explotación de porcino na Parcela "A Revolta" sita no lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda), referencia catastral XXXXXx

Vista a tramitación anterior e os informes correspondentes,

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 27 de novembro de 2014 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 15 de abril de 2013 acorda:

Primeiro.- A concesión de licencia de actividade definitiva a LUIS V. V., para Ampliación de explotación de porcino na Parcela "A Revolta" sita no lugar de Sestelo, parroquia de Escuadro (Silleda)

3º.- MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO (CONCELLO DE SILLEDA).

Vista a proposta da Alcaldía de data 26 de novembro de 2014, que literalmente dí:

“Vista a RESOLUCIÓN do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013.

*Visto proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Benito Gómez Rosal, denominado **MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO (CONCELLO DE SILLEDA)** cun orzamento total de 162.383,21 € (I.V.E inc1uído), o que significa, sen ive, a cantidade de 134.201 €.*

Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Silleda no denominado "Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013"

*2º.- Acordar realizar o investimento **MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO (CONCELLO DE SILLEDA)** cun orzamento total de 162.383,21 € (I.V.E inc1uído).*

*3º.- Solicitar para a súa realización unha subvención polo 100% da cantidade total do proxecto, exc1uído IVE, é decir **134.201 €**, ao abeiro da RESOLUCIÓN do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013. así como a aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida resolución.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Silleda no denominado "Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013"

2º.- Acordar realizar o investimento **MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS ANDAMOLLO-MEDELO; MARTIXE-PARADELA DE ABAIXO E DO CAMIÑO DE PENIDO (CONCELLO DE SILLEDA)** cun orzamento total de 162.383,21 € (I.V.E incluído).

3º.- Solicitar para a súa realización unha subvención polo 100% da cantidade total do proxecto, exc1uído IVE, é decir **134.201 €**, ao abeiro da RESOLUCIÓN do 20 de novembro de 2014 pola que se aproba o Plan marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013. así como a aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida resolución.

4º.- **MELLORA DE VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL: PONTE, DORNELAS, ANDAMOLLO, FONTEFRÍA, SIADOR E CIRA (INCLUÍDAS NO PLAN DE MANTEMENTO DE SERVIZOS E INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS 2014-PUSIM/2014).**

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 5081, de data 12 de novembro de 2014, preséntase por Construcciones Fernández Sarmiento S.A. certificación nº 1 da obra "**Mellora de Vías de Titularidade Municipal: Ponte, Dornelas, Andamollo, Fontefría, Siador E Cira**" (incluídas no Plan de Mantemento de Servizos e Infraestructuras Municipais 2014-PUSIM/2014) executada por Construcciones Fernández Sarmiento S.A., adxudicataria da obra por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 11 de setembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra "**Mellora de Vías de Titularidade Municipal: Ponte, Dornelas, Andamollo, Fontefría, Siador E Cira**" (incluídas no Plan de Mantemento de Servizos e Infraestructuras Municipais 2014-PUSIM/2014), por importe de 121.357,80 € asinada polo Arquitecto Técnico Director das Obras, Dº Abraham Castro Neira (Arquitecto Colexiado 4.401), xuntamente con Acta de comprobación do replanteo asinada pola parte contratante, director da obra e o Concello de Silleda.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE con IVA
Fecha	Número		
5112014	P.1/11	Construcciones Fernández Sarmiento S.A.	121.357,80 €

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 27 de novembro de 2014

Vº e Prace

O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga